

Rei

MÓNICA RODRÍGUEZ

Ilustracións de Ángel Trigo



PREMIO EDEBÉ
DE LITERATURA
INFANTIL



Rei

PREMIO EDEBÉ DE LITERATURA INFANTIL

MÓNICA RODRÍGUEZ

Rei

Ilustracións de Ángel Trigo

PREMIO EDEBÉ DE LITERATURA INFANTIL

rodeira

Obra gañadora do Premio Edebé de Literatura Infantil segundo o ditame do xurado formado por: Teresa Colomer, Ángeles González-Sinde, Antonio Iturbe, Roberto Santiago e Vicenç Villatoro. Actuou como secretaria, Conchi Marín.

Título orixinal: *Rey*

© Texto: Mónica Rodríguez, 2022

© Ilustracións: Ángel Trigo, 2022

Representado por Tormenta – www.tormentalibros.com

© Tradución: Isabel Soto

© Ed. Gal.: Rodeira, 2022

Rúa Xosé Chao Rego, 8

15705 Santiago de Compostela (A Coruña)

www.edebe.com

Atención ao cliente: 902 44 44 41

contacta@edebe.net

Directora de Publicacións: Reina Duarte

Editora de Literatura Infantil: Elena Valencia

Coordinación de Producción: Elisenda Vergés-Bo

Deseño da colección: Book & Look

1.^a edición, marzo 2022

ISBN: 978-84-8349-732-6

Depósito legal: B. 2204-2022

Impreso en España

Printed in Spain

EGS - Rosario, 2 - Barcelona

Calquera forma de reprodución, distribución, comunicación pública ou transformación desta obra só pode ser realizada coa autorización dos seus titulares, salvo excepción prevista pola lei. Diríxase a CEDRO (Centro Español de Dereitos Reprográficos) se precisa fotocopiar ou dixitalizar algún fragmento desta obra (www.conlicencia.com; 91 702 19 70 / 93 272 04 45).

*Aos que viven na rúa
sen o fogar doutros ollos onde se gocecer.*

Índice

Capítulo un	9
Capítulo dous	19
Capítulo tres	27
Capítulo catro	37
Capítulo cinco	43
Capítulo seis	49
Capítulo sete	53
Capítulo oito	59
Capítulo nove	65
Capítulo dez	71
Capítulo once	83
Capítulo doce	89
Capítulo trece	93
Capítulo catorce	101
Capítulo quince	109
Capítulo dezaseis	115
Capítulo dezasete	121

Capítulo dezoito	125
Capítulo dezanove	133
Capítulo vinte	139
Capítulo vinte e un	143
Capítulo vinte e dous	151
Capítulo vinte e tres	157
Apêndice	163

Capítulo un

Os días bos a súa nai chamáballe «rei».
—Onde anda o meu rei?

Os días malos, non. Os días malos a súa voz tornaba esvaradía, levemente fungona, e falaba a berros. Si, berraba moito e, ás veces, tamén choraba. Salaiaba e tropezaba cos mobles. As súas fazulas enchíanse de veas vermellas, os seus ollos refulxían. El aborrecía ese brillo dos ollos. Despois, ao día seguinte, estaba insoportable. Doíalle a cabeza, fedíalle o alento. Con todo, o cativo prefería así, deitada no sofá, cunha man sobre a fronte, pálida e con olleiras, exhalando aquel olor acre. Un olor que asfixiaba, pero ben mellor ca o delirio dos días malos. El colocáballe un pano na testa, traíalle auga. Moita auga. Sempre tiña sede. Entón a nai pedíalle perdón

e prometíalle que non se volvería portar daquel xeito. Rogáballe que acochase as botellas. Pero el era moi pequeno e non se lle ocorrían novos lugares onde as agochar. Ela sempre as atopaba. E se non o facía, era peor. Daquela, acusábao de llas quitar.

Un día, o neno colleu unha desas botellas e bebeu dela. Sabía a raios, pero tanto lle deu. Queimáballe a gorxa. Era peor que comer un limón. Despois el tamén cambaleou e non foi quen de pensar con claridade. Ese día estivo máis triste ca outros. Porén, en xeral non tiña queixa. Comían e vían a televisión. Non todo estaba tan mal. A súa vida non era un inferno, como ela pregoaba algunhas veces.

O verdadeiro inferno entrou unha mañá pola porta da man da súa nai. Ela estaba espléndida. Os seus ollos refulxían. Non coma nesas ocasións nas que todo acababa por ir ao garete. Refulxían de verdade, con ilusión, e reparou no guapa que era.

—Ven aquí, meu rei. Vouche presentar alguén especial.



Non lle gustara desde o principio. Talvez fose a causa daquel sorriso ladeado, daquelas pálpebras medio cerradas. Ou por culpa do seu tamaño. Porque aquel home era enorme. E compacto, coma un *rottweiler* ou un *pit bull*. Tiña o pescozo ancho e musculoso e as extremidades tan robustas que se vía obrigado a mantelas un chisco abertas. Colleuno con aqueles brazos e subiuno moi alto. Alá arriba, quedou cara a cara coas súas meixelas inchadas e o seu nariz roto. As pernas do neno colgaban no aire. Aqueles dedos que lle apreixaban os brazos magoábano. Entón o home achegou o nariz ata case rozar o seu e puido ulilo. Coñecía moi ben aquel cheirume: acedo, mesto. Tamén observou as súas meixelas, cheas de veíñas vermellas, coma as da súa nai. Aínda que devecía por baixar, non se atreveu a mover as pernas nin a pedirlo. Os seus ollos retíñano con máis forza ca os brazos. Eran escuros, brillantes, separados e inclinados cara á base da fronte. Aqueles ollos semelláronlle animais.

—Ti e mais eu habémonos levar moi ben, rapaz —bradou o home.

El tivo que cerrar as pálpebras con forza. Aquela frase petara nel co seu noxento fedor. Era unha cuspidela, chorreáballe polas fazulas. Ao home non lle debeu gustar o seu xesto e afrouxou as mans. O neno caeu ao chan. Vacilou e quedou de xeonllos, mentres o home ría.

Ulric.

Ese era o seu nome. Nunca o esquecería. Mesmo cando deixou de o recordar todo, ese nome seguía cravado na súa memoria de neno. Só con oílo, daba en tremelicar.

Soubo que as cousas non irían ben. Pero a súa nai sorría radiante. Dicía que con Ulric estarían máis protexidos. Ulric era policía.

Ao primeiro só se portaba mal con el. Cando estaban a soas, pousáballe unha man no ombreiro.

—Que pasa, rapaz? —dicíalle—. Métoche medo?

E deseguido rompía a rir, premendo moi forte coa man. Aquela man mancábao. Ás veces arreáballe unha puñada.

—Só é un xogo. Ou seica es tan feble que non aguantas nin un só golpe?

Aguantaba. Apertaba a mandíbula con forza e non choraba. Non diante del. Sabía que iso sería peor. Choraba máis tarde, no seu cuarto. Colleu o costume de o facer debaixo da cama para que Ulric non o atopase. Por veces escoitaba abrir a porta e víalle as pernas, con calcetíns grosos e aqueles zapatos cadrados que troupeleaban e percorrían o piso, arrastrándose un pouco. Non se movía, pero o seu corazón batía tan desenfreado que tiña medo de que o home o sentise.

Un día atreveuse a dicirlllo á súa nai.

—Estabamos mellor sen el.

Entón ela anoxouse de verdade.

—Que egoísta es! Acaso non queres que sexa feliz?

Aquela noite os dous chegaron moi tarde. Ao primeiro, gritaban e cantaban. Despois

sentiu o estrondo. Golpes, mobles movéndose. Pero el estaba debaixo da cama. Miraba as láminas de madeira e trataba de pensar en algo bonito. Na súa nai cando lle chamaba Rei. Nos programas da televisión. Pensaba no planeta de cor branca onde vivía Daia, co seu amigo invisible. Talvez algún día podería ir a aquel planeta de debuxos animados que saía na televisión. Seguro que alí non había botellas. Ou se as había, estaban tan ben acochadas que ninguén as atopaba.

Iso mesmo aconteceu moitas outras veces. Agora a súa nai usaba lentes escuras. En ocasións tremía diante de Ulric. «Xa se deu de conta», pensou. «Xa sabe que estamos mellor os dous só». Pero cando llo dixo de novo, ela volveuse anoxar. Tremía, tremía moito e abaneouno. Zarandeou o neno con todas a súas forzas e logo arrepeniuse e rompeu a chorar. El consolouna e, cando estaban así, abrazados, todo escureceu de súpeto e cambiou o aire e cheiraba a Ulric. Sentiu tanto medo que mexou por el. Non foi quen de

evitalo. Non quería, pero notara aquela presión e logo a calor e a humidade, coma un río ciscallando a auga. Entón unha enorme man alzouno, sacudiuno e saíu voando. Chocou contra a parede.

—Agora resulta que lle queres máis a ese mocoso ca a min —berraba o home cheo de carraxe.

Era tan grande que o neno só vía as súas costas e o brazo levantándose, co círculo de suor da camiseta e o bíceps, xigantesco, de touro. Tamén alasaba coma un touro. A voz da nai chegoulle case inaudible. Pareceulle un anaco de corda rota, pendurada do aire.

—Como lle vou querer máis ca a ti?

E deseguido o seu salouco, suave, agudo. Tan diminuto que apetecía levantalo e collelo no colo e arrolalo. Partía o corazón. Agora o xigante estaba á súa beira e acariñábaa, dicíalle palabras tenras, bicábaa. Pero ela non se movía, só xemía mirando o cativo, que seguía acuruxado contra a parede, cos pantalóns enchoucados. El soubo que non o vía. Que os ollos da

nai estaban moi lonxe, que se extraviaban en algures onde el endexamais podería chegar. Paseniño, incorporouse. Mentres se limpaba e mudaba a roupa, escoitou o tintín dos vasos e algunhas risas frouxas, un murmurio suavísimo. Entón o neno abriu a fiestra, ollou a cama onde tantas horas pasara escondido debaixo do somier e saltou.

Era de noite, ía frío e nevaba.